

# FONDO SOLIDARIO LIBROS DE TEXTO E AXUDAS PARA MATERIAL

O CPI PECALAMA INFORMA



## SOLICITUDES

ATA O 22 DE XUÑO DE 2021



## DESTINATARIOS

- Alumnado matriculado en centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia sostidos con fondos públicos.
- Participación no fondo solidario de libros de texto: alumnado matriculado en 3º, 4º, 5º e 6º de educación primaria (EP) e en 1º, 2º, 3º e 4º de educación secundaria obrigatoria (ESO).
- Axudas para adquirir libros de texto: alumnado matriculado en 1º e 2º de EP e en educación especial (EE).
- Axudas para adquirir material escolar: alumnado matriculado en EP, ESO e EE.

## CONTÍAS

**Alumnado de 3º EP e posteriores:**

A asignación de libros de texto dispoñibles no fondo solidario do centro efectuarase por orde inversa á renda per cápita da unidade familiar. Terá preferencia para esta adxudicación o alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65 %, con independencia da renda.

**Alumnado de 1º e 2º de EP:**

**Contía das axudas para adquirir libros de texto:**

- Renda per cápita familiar igual ou inferior a 6.000 €: 210 €.
- Renda per cápita familiar superior a 6.000 € e igual ou inferior a 10.000 €: 140 €.

**Alumnado matriculado en EE, en centros específicos ou en unidades de EE** de centros ordinarios, ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65 %: 275 €, con independencia da renda per cápita da unidade familiar.

**Alumnado en situación de garda ou tutela** da Xunta de Galicia, o importe da axuda será o maior correspondente ao ensino e curso en que estea matriculado.

- **Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo: Alumnado de 3º, 4º, 5º e 6º de EP:** Renda per cápita familiar igual ou inferior a 6.000 €: 210 €. Renda per cápita familiar superior a 6.000 € e igual ou inferior a 10.000 €: 140 €. **Alumnado de ESO:** Renda per cápita familiar igual ou inferior a 6.000 €: 240 €. Renda per cápita familiar superior a 6.000 € e igual ou inferior a 10.000 €: 160 €.

**Contía da axuda para adquirir material escolar: renda per cápita familiar igual ou inferior a 6.000 € : 50 €.** Alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia, alumnado de EE ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65%: beneficiario desta axuda con independencia da renda.

## MÁIS INFORMACIÓN

<https://www.edu.xunta.gal/portal/fondolibros>